

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,  
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,  
GANDARÍA E MONTES**

Día: 15.05.2019

Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunírase o próximo día 15 de maio de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Preguntas**

- 1.1 43556 (10/POC-006917)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Sánchez García, Antón e 2 máis  
Sobre o balance por parte da Xunta de Galicia da aplicación da Lei de titularidade compartida das explotacións agrarias desde o ano 2011, as razóns polas que non se dotou de máis medios e non se incentivou que as mulleres do rural solicitasen a titularidade compartida, así como a valoración respecto de que só unha muller se acollese a esta norma no ano 2018  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 419, do 25.01.2019*
- 1.2 43925 (10/POC-007041)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Arias Rodríguez, Raquel e 5 máis  
Sobre a valoración polo Goberno galego da campaña da vendima do 2018 na D.O. Ribeira Sacra  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 419, do 25.01.2019*
- 1.3 45092 (10/POC-007232)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis  
Sobre o número de beneficiarios das axudas da PAC para o ano 2018, os datos referidos ao seu pagamento e as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da nova convocatoria para 2019  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019*
- 1.4 46224 (10/POC-007368)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre a dispoñibilidade por parte do Goberno galego dalgún plan para impulsar e apoiar a recuperación das variedades de froitas autóctonas de Galicia, especialmente de mazás, como alternativa de cultivo e de actividade económica do medio rural, así como as intencións da Consellería do Medio Rural ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 435, do 21.02.2019*
- 1.5 46691 (10/POC-007433)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl  
Sobre a realización por parte do Goberno galego dalgún tipo de asesoramento para a desinfección dos almacéns mediante a aplicación de produtos fitosanitarios nas zonas en que seguen a aparecer capturas de couza guatemalteca da pataca, así como os datos referidos á aplicación deses produtos  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 442, do 07.03.2019*

**Punto 2.      Proposicións non de lei**

- 2.1           45972 (10/PNC-003700)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Rodríguez Estévez, David e 2 máis  
Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co contrato asinado coa empresa Babcock en materia de extinción de incendios  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 434, do 20.02.2019*
- 2.2           48468 (10/PNC-003918)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e relación cos danos medioambientais ocasionados polo incendio forestal declarado a finais do mes de marzo de 2019 nos concellos de Dodro e Rianxo  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2019

Daniel Vega Pérez

Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente	
Daniel Vega Pérez	P
Vicepresidenta	
Rosa Oubiña Solla	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

## Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Raúl Fernández Fernández	S
Carlos Gómez Salgado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM
Antón Sánchez García	EM

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 15.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 15.05.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 43556(10/POC-006917)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 2 máis

Sobre o balance por parte da Xunta de Galicia da aplicación da Lei de titularidade compartida das explotacións agrarias desde o ano 2011, as razóns polas que non se dotou de máis medios e non se incentivou que as mulleres do rural solicitasen a titularidade compartida, así como a valoración respecto de que só unha muller se acollese a esta norma no ano 2018

*Publicación da iniciativa, 419, 25.01.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/01/2019 13:23:47  
**Nº Rexistro: 43556**  
Data envío: 15/01/2019 13:23:47.472



Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García, Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araújo,** deputados e deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.<sup>a</sup>**

A Xunta de Galicia non está sabendo abordar a fenda de xénero que prexudica ás mulleres do rural, como demostra o fracaso estrepitoso da aplicación da Lei 35/2011 de Titularidade Compartida das Explotacións. O obxecto da Lei era que os dereitos laborais das traballadoras da rural foran plenamente recoñecidos, isto é, que as mulleres se deran de alta na Seguridade Social, cotizasen, tivesen dereito a unha pensión e foran titulares tanto das axudas e subvencións que percibe unha explotación como dos seus rendementos. Porén, a ineficacia das diferentes administracións truncou a aplicación da norma, facendo que quedara en papel mollado.

A Federación de Asociacións de Mulleres Rurais (Fademur) vén de denunciar que a Lei de Titularidade Compartida leva dende a súa orixe pasando desapercibida por mor da apatía das institucións e as dificultades que supón o seu procedemento. Así é que, das aproximadamente 35.000 mulleres que poderían terse acollido aos beneficios da Lei, no ano 2017 só 17 decidiran reclamar os seus dereitos, polo que queda probada a falta de desenvolvemento e aplicación da normativa.

Isto subliñámolo xa o ano pasado nunha iniciativa na que esixíamos o seguinte:

CSM - REXISTRO-TICBNucp-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





- Realizar un Plan de accións que melloren a aplicación da Lei 35/2011 de Titularidade Compartida das Explotación, que se inicie no ano 2018 e que contemple cando menos:
  - a) Levar a cabo unha campaña de difusión ampla da Lei e das opcións que teñen as labregas.
  - b) Facer un estudo para avaliar as causas que poden estar provocando o fracaso da aplicación de dita lei.
  - c) Por en marcha un programa de formación específico para funcionarios e funcionarias para asesora e acompañar nos trámites da titularidade compartida ás persoas interesadas.

Nada disto fixo a Xunta de Galicia, como demostra o feito de que no ano 2018 só unha muller máis reclamara a titularidade compartida.

Consecuentemente, é claro que o Goberno do Partido Popular non está a facer o seu traballo, incumprindo, outra vez, os seus compromisos co rural e coa igualdade de xénero. A Xunta de Galicia tería que tomarse moito máis en serio a Lei de Titularidade Compartida, dotándoa de medios tanto humanos como económicos, e propoñendo incentivos como “puntos extra” para explotacións de titularidade compartida que queiran acceder a subvencións.

Por todo o exposto, os deputados e deputada asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que balance fai a Xunta de Galicia da aplicación da Lei de Titularidade Compartida dende 2011? Pensa que está acadando os seus obxectivos? Por que?







PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/01/2019 13:23:47  
Nº Rexistro: 43556  
Data envío: 15/01/2019 13:23:47.472



- Por que non incentivou que as mulleres do rural solicitasen a titularidade compartida? Non cre que beneficia a súa autonomía? Non cre que poida servir para loitar contra a fenda de xénero no rural?
- Parécelle un bo dato que só unha muller se acollera á Lei de Titularidade Compartida no ano 2018? A que atribúe este dato? Pensa que podería ter sido mellor se o desenvolvemento da lei tivera contado con máis medios económicos e humanos?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Davide Rodríguez Estévez

Paula Quintero Araújo

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 15/01/2019 13:21:46**

**David Rodríguez Estévez na data 15/01/2019 13:21:52**

**Paula Quintero Araújo na data 15/01/2019 13:22:01**

CSV REXISTRO TICBNuep-5  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 15.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 43925(10/POC-007041)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 5 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da campaña da vendima do 2018 na D.O. Ribeira Sacra

*Publicación da iniciativa, 419, 25.01.2019*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/01/2019 10:51:39  
**Nº Rexistro: 43925**  
Data envío: 17/01/2019 10:51:39.822

### A Mesa do Parlamento

**Raquel Arias Rodríguez, Rosa Oubiña Solla, Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Carlos Gómez Salgado, Jacobo Moreira Ferro e Daniel Vega Pérez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Galicia conta con cinco denominacións de orixe, Ribeiro, Rias Baixas, Valdeorras, Monterrei e Ribeira Sacra, todas elas amparan, representan e regulan o maior estándar de calidade dos viños producidos na nosa Comunidade.

A importancia do sector vitivinícola é evidente: como dinamizador do rural poñendo en valor o seu patrimonio cultural e enolóxico, como axente fixador da poboación ao rural e tamén como importante medio económico para as persoas que teñen como medio de vida esta actividade.

Tras un “annus horribilis” de 2017 na que as xeadas e o saraiba botaron a perder boa parte da colleita de uva nalgunhas das denominación de orixe as previsións para este ano foron mais optimistas.

O 2018 non comezou con bo pe para o viñedo en Galicia. As condicións meteorolóxicas adversas na primavera favoreceron a aparición de ataques de fungos que supuxo unha preocupación e un dobre esforzo dos viticultores.

Afortunadamente o tempo seco e soleado de xullo, agosto e setembro mellorou todas as previsións iniciais, permitindo levar a cabo as labores de vendima nas mellores condicións.

CSM-REXISTRO-AKH3aq4h-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/01/2019 10:51:39  
Nº Rexistro: 43925  
Data envío: 17/01/2019 10:51:39.822**

Por todo elo, en relación a D.O. Ribeira Sacra que abrangue varias comarcas de gran tradición vitivinícola divididas en cinco subzonas diferenciadas: Amandi, Chantada, Quiroga-Bibeí, Ribeiras do Miño e Ribeiras do Sil nas provincias de Lugo e Ourense, os deputados asinantes, formulamos as seguintes preguntas:

- 1.- Cal foi a cantidade de uva recollida na pasada campaña da vendima de 2018 nesta D.O. Ribeira Sacra?
- 2.- Cal foi a evolución con respecto a colleita de 2017?
- 3.- Que valoración fai da vendima de 2018 o Goberno de Galicia?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Raquel Arias Rodríguez na data 17/01/2019 10:41:49**

**Rosa Oubiña Solla na data 17/01/2019 10:41:57**

**Moisés Blanco Paradelo na data 17/01/2019 10:42:04**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 17/01/2019 10:42:10**

**Carlos Gómez Salgado na data 17/01/2019 10:42:17**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/01/2019 10:42:25**

**Daniel Vega Pérez na data 17/01/2019 10:42:31**



CSV: REXISTRO-AktH3aqHh-5  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdeg Galicia.com](http://www.ppdeg Galicia.com)

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 15.05.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 45092(10/POC-007232)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis

Sobre o número de beneficiarios das axudas da PAC para o ano 2018, os datos referidos ao seu pagamento e as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da nova convocatoria para 2019

*Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2019 10:37:02  
**Nº Rexistro: 45092**  
Data envío: 01/02/2019 10:37:02.467

## A Mesa do Parlamento

**Moisés Blanco Paradelo, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Daniel Vega Pérez, Miguel Prado Patiño, Jacobo Moreira Ferro e Rosa Oubiña Solla**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Desde 1962, a Política Agraria Común (PAC) experimentou varias reformas, as cales propiciaron unha continua adaptación aos novos retos e cambios que se foron sucedendo en todos estes anos, polo que segue sendo unha política fundamental para o futuro do eido rural da Unión Europea.

En novembro de 2017, a Comisión Europea (CE) enviou ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións a súa comunicación "O futuro dos alimentos e a agricultura", como base de traballo para a elaboración das correspondentes propostas legislativas.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Rural, está a traballar a favor dunha futura PAC forte, que manteña a actual dotación orzamentaria, algo fundamental polas nosas especiais características e polo peso que o rural ten para a nosa Comunidade.

Por iso, da man das Organizacións Agrarias, asinou unha proposta estratéxica do sector agrario para Galicia, co obxecto de que a mesma garanta a consecución dun sector agrario rexional rendible, sustentable e innovador, que fixe poboación no medio rural.

A PAC ten unha gran importancia para Galicia e para o rural, na medida en que incide directamente no impulso ao dinamismo socio económico do agro, xa que somos líderes a nivel nacional no sector lácteo, xa que produce arredor do 40% do leite, e líder tamén en número de explotacións gandeiras, con máis do 52% do total e aportando máis da metade do total de gandeiros.

Para coñecer a súa importancia real, débense considerar os múltiples aspectos aos que contribúe: subministración estable de alimentos, diversidade e innovación alimentaria, garante a subministración de servizos non agrarios, aposta por un sector agrícola competitivo, impulso da agricultura familiar, contribúe cun medio rural vivo e

CSM-REXISTRO-XBMM3GVG-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2019 10:37:02  
Nº Rexistro: 45092  
Data envío: 01/02/2019 10:37:02.467**

vertebrado, loitar contra o cambio climático e mantemento en cantidade e calidade dos recursos naturais.

Por isto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cantos foron os beneficiarios das axudas da PAC do ano 2018?
- 2.- Cales son os importes dos anticipos pagados?
- 3.- Cal é a previsión da Consellería do Medio Rural para aboar os importes restantes destas axudas?.
- 4.- Cal é a comparativa de beneficiarios e orzamento pagado nas convocatorias anteriores?
- 5.- Que previsións ten a consellería da nova convocatoria 2019?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Moisés Blanco Paradelo na data 01/02/2019 10:29:13**

**Raquel Arias Rodríguez na data 01/02/2019 10:29:22**

**Carlos Gómez Salgado na data 01/02/2019 10:29:29**

**Daniel Vega Pérez na data 01/02/2019 10:29:37**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 01/02/2019 10:29:46**

**Jacobo Moreira Ferro na data 01/02/2019 10:29:55**

**Rosa Oubiña Solla na data 01/02/2019 10:30:02**



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 15.05.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 46224(10/POC-007368)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a dispoñibilidade por parte do Goberno galego dalgún plan para impulsar e apoiar a recuperación das variedades de froitas autóctonas de Galicia, especialmente de mazás, como alternativa de cultivo e de actividade económica do medio rural, así como as intencións da Consellería do Medio Rural ao respecto

*Publicación da iniciativa, 435, 21.02.2019*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/02/2019 13:30:34  
**Nº Rexistro: 46224**  
Data envío: 13/02/2019 13:30:34.539

### Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

Galiza é un país cheo de pomares e de hortas con froiteiras. Case tódalas casas rurais contan con algunha árbore froiteira.

A nosa Terra é propicia para a produción froiteira. Son millóns as toneladas de mazás, peras, pexegos, limóns, cereixas, noces, figos ou castañas que se producen tódolos anos, e o número de variedades é inxente, contándose por centos en cada comarca.

Os mercados actuais están copados no seu labor alimentario polas grandes cadeas de distribución que moven produtos desde os máis recónditos lugares xeográficos do planeta.

Estes alimentos, que soportan un plus de combustibles fósiles pola súa lonxanía, son producidos a prezos irrisorios por poboacións que, as máis das veces, viven en condicións de explotación e de paupérrimas condicións

CSM-REXISTRO-PRCZ-JINL-0  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2019 13:30:34**  
**Nº Registro: 46224**  
Data envío: 13/02/2019 13:30:34.539

alimentarias, sanitarias e de xustiza social, son postos a prezos cos que a meirande parte das veces os produtores locais non poden competir.

Compiten, si, en calidade, condicións hixiénicas e sanitarias e no control na utilización de fitosanitarios, almacenamento e sobre todo en calidade.

É tamén unha realidade a uniformización de sabores, o sacrificio da calidade e da orixinalidade destes produtos alimenticios en aras da cantidade e do baixo custo.

É tamén unha realidade o abandono da fruticultura como actividade agraria neste noso País que pola contra conta cunha vasta variedade de microclimas e solos propicios para o desenvolvemento desta actividade como xeradora de economía e con posibilidades de asentamento de poboación chamando por brazos mozos.

Ao igual ca acontece con outros sectores. Temos bo clima, boa terra, xente cualificada, unha amplísima variedade, e unha excelente calidade, pero non temos sector frutícola na Galiza.

É practicamente imposible mercar unha mazá galega nun supermercado, e vémonos na obriga de consumilas de Lleida, de Francia, dos Alpes italianos ou de Chile. Namentres as nosas mazás apodrecen no chan sen que ninguén as recolla.

CSV REGISTRO-PRZJ/JNL-0  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2019 13:30:34**  
**Nº Rexistro: 46224**  
Data envío: 13/02/2019 13:30:34.539

Se queremos que o medio rural se recupere e diversifique é imprescindible que a produción froiteira recupere azos e sexa elemento central na economía agraria.

Xa hai iniciativas e entidades no País que queren tirar proveito destes recursos. Pero, coma noutros casos, atopan moitos atrancos e pouco apoio.

Unha das grandes eivas do sector é a comercialización. Imos tendo produción, pero esta non chega ao mercado.

As medidas de apoio poderían ser moitas e variadas, pasando pola investigación e a mellora xenética, a formación, a promoción do cooperativismo, as subvencións ás plantacións ..., que precisan de financiamento e de tempo.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-Que opinión lle merecen ó goberno galego as iniciativas e asociacións de apoio ó cultivo das froitas autóctonas e a presenza destes produtos nos mercados de proximidade?

-Ten o goberno galego en carteira algún plan de medidas encamiñadas a implementar e apoiar decididamente a recuperación des variedades de froita autóctona, nomeadamente das mazás, coma alternativa de cultivo e de actividade económica no medio rural?

CSX: REXISTRO-PRczjJNL-0  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2019 13:30:34**  
**Nº Registro: 46224**  
Data envío: 13/02/2019 13:30:34.539

-Houbo nos últimos tempos algún tipo de contactos encamiñados á elaboración dalgún plan específico de valorización e expansión do sector?

-Estaría disposta a Consellería de Medio Rural a considerar a posibilidade de abrir unha liña de axudas a novas incorporacións á actividade hortofrutícola así como reforzar con especies autóctonas a actividade xa existente?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 13/02/2019 13:29:15**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2019 13:30:34**  
**Nº Rexistro: 46224**  
Data envío: 13/02/2019 13:30:34.539

**María Montserrat Prado Cores na data 13/02/2019 13:29:20**

**Ana Pontón Mondelo na data 13/02/2019 13:29:22**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/02/2019 13:29:23**

**Noa Presas Bergantiños na data 13/02/2019 13:29:25**

**Xosé Luis Bará Torres na data 13/02/2019 13:29:27**

CSX: REXISTRO-PRZJ/JNL-0  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 15.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 46691(10/POC-007433)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre a realización por parte do Goberno galego dalgún tipo de asesoramento para a desinfección dos almacéns mediante a aplicación de produtos fitosanitarios nas zonas en que seguen a aparecer capturas de couza guatemalteca da pataca, así como os datos referidos á aplicación deses produtos

*Publicación da iniciativa, 442, 07.03.2019*



## Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

En 1999 detectouse por primeira vez a presenza da couza guatemalteca (*Tecia solanivora*) nas illas Canarias, en 2015 detectase a súa presenza en tres concellos de Ferrolterra, en 2017 pasaron a ser 31 na comarca de Ferrolterra e 17 na Mariña lucense, por último no mes de marzo do ano 2018 declarábase o concello de Muxía zona infestada.

Ao longo do ano 2017 e principios de 2018 publicáronse no DOG varias resolucións polas que se establecían as zonas infestadas e as zonas tampón e se implementaban as medidas para a erradicación e control da couza guatemalteca da pataca, así como ordes nas que se establecían as bases reguladoras para a concesión de indemnizacións en materia de sanidade vexetal.

Na Resolución do 8 de marzo de 2017, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se establecen as zonas infestadas e as zonas tampón e se implementan as medidas para a erradicación e control con respecto ao organismo de corentena *Tecia solanivora Povolny* ou couza guatemalteca da pataca na Comunidade Autónoma de Galicia, establecidas no Real decreto 197/2017 polo que se establece o Programa nacional de control e erradicación de *Tecia (Scrobipalopsis) solanivora Povolny*.

Esta resolución no seu punto 2 apartado a) prohibe o cultivo de patacas desde o día 5 de marzo de 2017 en todos os concellos establecidos como zona infestada, durante un período mínimo de dous anos e ata que se declare oficialmente a erradicación da praga.

Por iso os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Fixo ou está a facer o Goberno Galego algún tipo de asesoramento na desinfección de almacéns en zonas nas que seguen a aparecer capturas coa aplicación de produtos fitosanitarios, cales son os prazos de aplicación destes produtos, especificados por concello, provincia e data?





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/02/2019 11:44:02**  
**Nº Registro: 46691**  
Data envío: 22/02/2019 11:44:02.812

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/02/2019 11:38:52**

**Raúl Fernández Fernández na data 22/02/2019 11:38:58**

CSX: w4k15TrM4  
Verificado  
<https://seccp.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 15.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.       Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 15.05.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.1 45972(10/PNC-003700)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co contrato asinado coa empresa Babcock en materia de extinción de incendios

*Publicación da iniciativa, 434, 20.02.2019*



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez** e **Antón Sánchez García** e da súa deputada **Paula Quintero Araujo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.<sup>a</sup>**, sobre o incumprimento de contrato da empresa Babcock na extinción de incendios asinado coa Xunta de Galicia.

### Exposición de motivos:

Babcock, antiga Inaer, empresa líder en salvamento e operacións contra incendios da Xunta, dedicada en exclusiva aos servizos de emerxencias en Galicia a través da contratación permanente de helicópteros, é a concesionaria cabeceira dos últimos anos no territorio galego.

En febreiro de 2018, a CIG denunciara o incumprimento reiterado por parte da empresa Babcock das prescricións técnicas do servizo, polo que solicitara á Consellería de Medio Rural a cancelación do concerto con Inaer Galicia, actualmente Babcock.

Pedira tamén explicacións a Medio Rural sobre o motivo polo que o helicóptero modelo B3 con matrícula EC-KZL, pertencente á empresa Babcock, estaba aparcado na base pública de Queimadelos, situada no concello de Mondariz (Pontevedra), cando xa rematara a tarefa para a que fora contratado.

Trala vaga de lumes que arrasou Galicia en outubro de 2017, En Marea denunciou en numerosas ocasións o desmantelamento continuo do servizo de loita contra incendios en Galicia. Como exemplo, narrábase a existencia dun helicóptero modelo Puma, na base de Toén (Ourense), que por contrato debía ter





capacidade para transportar 2500 litros de auga e sen embargo so levaba 1700 litros.

Tamén se denunciara que os servizos de mantemento integral se estaban realizando no mesmo emprazamento no que se atopaba o helicóptero cando tiñan a obriga de realizalos nun hangar equipado.

Babcock xa estivo tamén no punto de mira do Consello de Contas por presuntas irregularidades. Foi condenada o pasado mes de marzo pola Audiencia Nacional por simular préstamos para eludir impostos e sancións por máis de seis millóns de euros, que lle conlevaron unha sanción doutros tres millóns. Na sentenza reflíctese que Inaer Aviation Spain S.L. simulou préstamos participativos que concederon os seus sociais para financiar a adquisición de participacións da propia empresa.

Agora, a concesionaria de helicópteros da Xunta leva un novo pao xudicial, ao desestimar o Tribunal Supremo o recurso de casación, polo que Babcock deberá pagar máis de nove millóns de euros.

En Primeira instancia, o fallo xudicial condenou á empresa por infracción na declaración do imposto de sociedades correspondentes aos anos 2007 e 2008 cunha contía de 6.059.636, 41 euros, derivada da débeda correspondente á liquidación dos exercicios anteriores, ademais de 3.220.763, 25 euros de sanción, xunto coas costas xudiciais. Babcock recurría, pero a Sala do Contencioso do Tribunal Supremo, rexeitaba nun auto a admisión a trámite do recurso de casación presentado pola empresa.

Os feitos en cuestión remítense ao ano 2011, tras unha inspección de Tributos del Estado á empresa Inaer Aviation Group SL (actual Babcock), na que se demostrou como probado, entre outros aspectos, que durante o proceso da unión temporal de empresas (UTE), consideráronse, nesa sociedade, como gasto fiscalmente non deducible, os intereses procedentes de tres préstamos





participativos nos que figuraba como prestataria dita entidade. Tamén se conceptuaban como simulados os préstamos participativos concedidos polos socios de Inaer Aviation Group SL ao obxecto de financiar a adquisición das participacións de Inaer Aviation Spain SL.

O Tribunal Supremo ven de despachar os argumentos da compañía ao non admitir a trámite o recurso, xulgando que carece de interese casacional e engadindo que a normativa vixente non deixa dúbidas de que “habrá de quedar excluída do grupo fiscal aquela entidade que ao peche do período impositivo se atope en situación de desequilibrio patrimonial, salvo que dita situación desaparecese o último día do período impositivo no que se aproben as contas anuais”.

Como xa ten denunciado En Marea en diversas ocasións, por parte da Xunta, estanse pagando favores a empresas privadas como Babcock, a pesar da reincidencia nos incumprimentos técnicos.

Dende a Xunta debería explicarse claramente cales son os motivos para seguir mantendo o contrato con esta empresa.

Polo exposto, o Grupo Parlamentariode En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a motivar xustificadamente o mantemento do contrato con Babcock, a pesares dos reiterados incumprimentos, constatados nas sentenzas da Audiencia Nacional e o Tribunal Supremo.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/02/2019 17:01:16**  
**Nº Rexistro: 45972**  
Data envío: 11/02/2019 17:01:16.586



Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araujo

Antón Sánchez García

Deputado, deputada e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 11/02/2019 16:45:16**

**Antón Sánchez García na data 11/02/2019 16:45:26**

**Paula Quinteiro Araújo na data 11/02/2019 16:45:33**



**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**

**Día: 15.05.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.2 48468(10/PNC-003918)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e relación cos danos medioambientais ocasionados polo incendio forestal declarado a finais do mes de marzo de 2019 nos concellos de Dodro e Rianxo

*Publicación da iniciativa, 458, 09.04.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/04/2019 17:36:30  
**Nº Rexistro: 48468**  
Data envío: 01/04/2019 17:36:30.047

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de asistir a un episodio máis de lume no noso territorio en tempo non habitual. E sen embargo a sequidade xeral, a ausencia de chuvias, as altas temperaturas e un vento sostido superior a 40km/hora con rachas de ata 70 acompañaron a outras causas sen aclarar definitivamente para que arredor de 1.150Has de arborado (900) e monte raso o resto ardesen hai escasos tres días.

Todo apunta a que a faísca ocasionante da traxedia, (cando arde territorio sempre é unha traxedia común), debeuse a unha liña eléctrica que prendeu nos restos secos da xestión da faixa de seguridade da mesma.

A pregunta que se fai moita xente é como pode haber centos e centos de has. continuas de arborado maiormente pirófito, gran parte delas en montes veciñais conveniados que terán ou deberan teren plan de ordenación.

Son cinco montes veciñais afectados ademais de parcelas particulares e 17 Has de propiedade municipal.

CSV: up8V2cLdLO  
Ver máis info:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/04/2019 17:36:30**  
**Nº Registro: 48468**  
Data envío: 01/04/2019 17:36:30.047

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

-Establecer criterios fixos de unidades forestais máximas dependendo das especies para comezar unha ordenación das mesmas en mosaico que eviten catástrofes medioambientais semellantes ás acaecidas recentemente en Dodro-Rianxo

-Modificar as normas para a elaboración dos instrumentos de xestión dos montes no sentido de contemplar que nas lindes dos montes se faga unha ordenación en mosaico así como o establecemento de franxas de protección.

-Que nas plantacións monoespecíficas de eucalipto se limite a superficie máxima sen discontinuidade a 25 Has e se estableza un xeito de confinamento para evitar a propagación do lume.”

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

CSX: 48468.Ld.L0  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/04/2019 17:36:30**  
**Nº Rexistro: 48468**  
Data envío: 01/04/2019 17:36:30.047

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 01/04/2019 17:34:12**

**María Montserrat Prado Cores na data 01/04/2019 17:34:17**

**Ana Pontón Mondelo na data 01/04/2019 17:34:19**

**Olalla Rodil Fernández na data 01/04/2019 17:34:20**

**Noa Presas Bergantiños na data 01/04/2019 17:34:22**

**Xosé Luis Bará Torres na data 01/04/2019 17:34:23**

CSV: 48468.Ld.0  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

